

Plantilla memoria xustificativa de Máster en Viticultura e Enoloxía

Universidade de Vigo

Número total de páxinas (aproximado): 10-12 páxinas

1 Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

1.1 Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación).

O sector vitivinícola en Galicia ten especial relevancia económica, social e territorial, constituíndo un eixo estratéxico para a Comunidade Autónoma. Galicia conta con máis de 33.200 hectáreas de viñedo, o que representa o 3,5% da superficie nacional, e máis de 219.000 viticultores, sendo a comunidade con maior número de viticultores en España. A produción anual de viño acada os 777.123 hectolitros, concentrándose principalmente nas provincias de Pontevedra e Ourense, que acollen o 82,5% da superficie de viñedo e o 86,7% da produción total.

A actividade vitivinícola contribúe ao 1,4% do PIB de Galicia, xerando un Valor Engadido Bruto (VAB) de 890 millóns de euros, distribuído entre efectos directos, indirectos e inducidos. Ademais, a actividade favorece a balanza comercial, con máis de 590 empresas exportadoras e un superávit superior a 50 millóns de euros anuais. En termos de emprego, o sector xera e mantén 15.900 postos de traballo equivalentes a tempo completo, representando o 1,5% do emprego na Comunidade Autónoma.

O tecido empresarial vitivinícola galego caracterízase por unha elevada atomización, predominando adegas de reducida dimensión, e por unha actividade que favorece a fixación de poboación en zonas rurais. Nos municipios de reto demográfico con viñedo, a redución da poboación foi menor (25,2% entre 2000 e 2021) que nos sen viñedo (26,8%), o que evidencia o papel do sector na dinamización territorial.

Neste contexto, o Máster en Viticultura e Enoloxía que se propón na Universidade de Vigo cubriría unha clara oportunidade formativa no Sistema Universitario Galego, sendo un título único e multidisciplinar. O programa permitirá formar profesionais polivalentes e cualificados, capaces de abordar as necesidades do sector, fomentar a innovación, mellorar a empregabilidade e reforzar o atractivo do tecido empresarial galego, consolidando Galicia como referente rexional e internacional en viticultura e enoloxía.

1.2 Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG.

O Máster en Viticultura e Enoloxía propónse como un título esencial e estratéxico para o Sistema Universitario de Galicia (SUG) ao dar resposta a necesidades prácticas, formativas e científicas que actualmente non están cubertas. A Universidade de Vigo non recolle na súa oferta académica actual ningún grao ou máster centrado no sector vitivinícola, o que supón unha oportunidade única para consolidar un programa especializado e multidisciplinar.

O carácter estratéxico do título débese a que combina tres áreas fundamentais: Viticultura, Enoloxía e Negocio, co obxectivo de formar profesionais polivalentes e preparados para atender ás demandas do sector en todos os niveis: desde a produción e elaboración do viño, ata a comercialización, investigación e innovación. Ademais, permite aproveitar a complementariedade coas titulacións existentes no SUG, como Graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría Agraria, ADE ou Bioloxía, así como Másteres relacionados, como por exemplo o Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental, sen duplicar oferta académica.

O programa tamén atende ás necesidades do tecido empresarial galego, promovendo conexións directas con adegas, institucións e expertos do sector, mediante prácticas curriculares, TFM orientados a aplicacións prácticas, catas, visitas a adegas, conferencias e viaxes de aprendizaxe. Deste xeito, o Máster contribúe ao desenvolvemento científico e profesional do SUG, fomentando a innovación, a transferencia de coñecemento e a formación de talento especializado, reforzando á vez a competitividade e visibilidade do sector vitivinícola galego a nivel rexional, nacional e internacional.

1.3 Equilibrio territorial do SUG: xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza en relación coa súa especialidade.

O Campus de Ourense da Universidade de Vigo é o escenario idóneo para a implantación do Máster en Viticultura e Enoloxía, debido á súa proximidade e conexión co núcleo produtivo e territorial do sector vitivinícola galego. A provincia de Ourense concentra tres das cinco Denominacións de Orixe (DO Ribeiro, DO Monterrei e DO Valdeorras) e unha significativa parte da DO Ribeira Sacra, así como unha superficie de viñado que representa o 33,7% da total galega. Ademais, Ourense é a provincia con maior número de municipios vitícolas (60 municipios), implicando un impacto territorial amplo en termos de produción, emprego e arraigamento socioeconómico.

O Campus ofrece unha posición estratéxica para desenvolver prácticas curriculares, TFM aplicados ao sector, visitas a adegas e interacción directa co tecido empresarial, facilitando a conexión entre a formación académica e a realidade profesional. Ademais, a elección de Ourense responde ao obxectivo de fixar talento e fomentar o desenvolvemento económico e tecnolóxico no territorio, dado que gran parte das explotacións vitícolas corresponden a minifundios e a actividade favorece a retención da poboación, especialmente en municipios de reto demográfico.

En resumo, a implantación do Máster en Viticultura e Enoloxía neste campus non só garante unha proximidade directa coa realidade produtiva e científica do sector, senón que tamén contribúe ao equilibrio territorial do SUG, aproveitando os recursos existentes, potenciando a especialización académica e apoiando o desenvolvemento socioeconómico da provincia e da comunidade autónoma en xeral.

2 Mercado laboral

2.1 Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta

O sector vitivinícola galego representa unha actividade económica relevante, xerando e mantendo uns 15.900 empregos a tempo completo na comunidade autónoma, dos cales aproximadamente 8.820 corresponden a postos de traballo directos. Isto supón un 1,5% do emprego total de Galicia, destacando a importancia do sector na xeración de emprego cualificado e na fixación de poboación en zonas rurais e de reto demográfico.

A actividade require unha ampla variedade de perfís profesionais especializados, entre os que se inclúen enólogos, viticultores, enxeñeiros agrónomos, ampeólogos, recolectores, vinicultores, adegueiros, catadores, distribuidores, encargados de comercio exterior, administrativos, especialistas en mercadotecnia e comunicación, investigadores, informáticos e profesionais do turismo enolóxico. Este conxunto de profesionais reflicte a natureza multidisciplinar do sector, que combina coñecementos técnicos, científicos e de xestión empresarial.

A análise do tecido empresarial mostra que Galicia conta cun sector atomizado, con predominio de adegas de pequena dimensión, o que require profesionais capaces de desenvolver varias funcións dentro das empresas e de adaptarse rapidamente á realidade do mercado. Así mesmo, a formación especializada permite cubrir necesidades de profesionalización e modernización do sector, dado que moitos postos de traballo demandan competencias específicas en viticultura, enoloxía, xestión empresarial, comercialización e internacionalización.

Ademais, a colaboración coas empresas e institucións do sector, a través de prácticas curriculares, TFM aplicados, conferencias, catas, visitas a adegas e incluso certificacións internacionais (WSET), permite aos estudantes aplicar os coñecementos adquiridos e mellorar a súa empregabilidade, favorecendo a inserción inmediata no mercado laboral. Isto subliña a relevancia do Máster proposto como resposta directa ás necesidades prácticas e de especialización do sector vitivinícola galego.

2.2 Incorporación de perfís profesionais no título vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia

O Máster en Viticultura e Enoloxía deseñase para formar profesionais multidisciplinares capaces de cubrir os distintos perfís requiridos polo sector vitivinícola galego, identificado como un sector estratéxico pola súa relevancia económica, social e cultural. A súa implantación no Campus de Ourense permitirá formar especialistas nos ámbitos de maior incidencia na Comunidade Autónoma, contribuíndo á xeración de talento cualificado e á cobertura das necesidades de emprego directo e indirecto.

Entre os perfís profesionais incorporados no deseño do Máster inclúense:

- Enólogos: responsables da produción de viño, desde o cultivo das uvas ata a fermentación, crianza e embotellado.
- Viticultores: encargados do cultivo da vide, contribuíndo á calidade da materia prima.
- Enxeñeiros agrónomos: asesoran sobre melloras no cultivo e na produción da uva.
- Ampeólogos: biólogos especializados na adaptación da vide aos distintos solos, climas e patoloxías.
- Recolectores ou vendimiadores, vinicultores e adegueiros: profesionais do proceso operativo e de almacenamento.
- Catadores: responsables da avaliación da calidade do viño.
- Distribuidores e encargados de comercio exterior: especializados na comercialización nacional e internacional.
- Administrativos e profesionais de mercadotecnia e comunicación: apoio á xestión e difusión do produto.
- Especialistas en turismo enolóxico: responsables do desenvolvemento de actividades de enoturismo vinculadas ao sector.

A integración destes perfís no plan de estudos permite unha formación que conecta directamente coa realidade empresarial, garantindo que os egresados poidan incorporarse de forma efectiva a explotacións vitivinícolas, empresas de comercialización, investigación e actividades relacionadas co turismo do viño. Así, o programa atende ás necesidades prácticas e científicas do sector, reforzando o carácter estratéxico do título dentro do Sistema Universitario Galego.

2.3 Interese particular e apoio por parte dalgún grupo de empresas (clúster/hub) que apoie a proposta.

O deseño do Máster en Viticultura e Enoloxía contempla a implicación activa do tecido empresarial do sector vitivinícola galego, co obxectivo de garantir que a formación se axuste ás necesidades reais do mercado laboral e aos retos do sector, entre outras as empresas así como entidades relacionadas co mundo da Viticultura e a Enoloxía coas que se contou para a redacción da memoria do título son Cooperativa Viña Costeira, Adega Viña Mein, Adega Crego e Monaguillo, TECVIN, Vinos & Adegas Gallegas S.A, Adegas Coto Redondo S.L., Adegas La Val, Adegas Lagar de Pintos, S.L. entre outras. Tal e como se propón na folla de

ruta para a implantación do título, están previstas reunións e mesas de traballo con empresas e institucións representativas do sector para:

- Presentar o plan de estudos e validar o enfoque profesional e práctico.
- Recoller aportacións sobre contidos, prácticas curriculares e posibles proxectos finais aplicados ao ámbito empresarial.
- Promover a participación activa das empresas en conferencias, talleres, catas, visitas a adegas e viaxes de aprendizaxe.

Aínda que o título non se articula formalmente como un Máster promovido por un clúster empresarial específico, si existe un interese implícito e sostido por parte do sector, materializado na colaboración en actividades de investigación, transferencia de coñecemento, orientación temática das materias e inserción dos titulados en contornas profesionais relacionadas coa industria vitivinícola e enolóxica.

Este proceso de escoita e colaboración permite garantir o apoio dos principais axentes do sector e a súa implicación no desenvolvemento do Máster, aumentando a empregabilidade dos egresados e reforzando a conexión entre a formación universitaria e o mercado laboral galego, contribuíndo á formación de profesionais e investigadores capaces de responder aos retos presentes e futuros dos sectores estratéxicos da Comunidade Autónoma.

3 Demanda

3.1 Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade.

O Máster Universitario en Viticultura e Enoloxía da Universidade de Vigo xorde como resposta á necesidade de formación especializada nun sector estratéxico para Galicia e de crecente proxección internacional. Galicia conta con máis de 480 empresas exportadoras e un incremento sostido das vendas ao exterior, isto esixe profesionais cualificados capaces de afrontar retos como a innovación, a competitividade global e o cambio climático.

A análise da demanda potencial para estudos de posgrao en Galicia evidencia un interese crecente pola formación avanzada, especialmente en titulacións vinculadas á especialización profesional. A nivel nacional, os estudantes matriculados en Máster pasaron de 170.000-180.000 en cursos anteriores a 288.955 no curso 2023-2024, cun incremento dende 2015-16 próximo ao 70%. En Galicia, o número de estudantes matriculados en Máster aumentou un 20% entre o curso 2013-14 e o 2023-24, pasando de 5.500 a 6.777 alumnos matriculados.

En canto aos egresados, a nivel nacional rexistrouse un incremento dende 90.392 no curso 2015-16 ata 153.111 no curso 2022-23 (aproximadamente un 70%). En Galicia, os egresados pasaron de 3.139 a 3.514 no mesmo período, supoñendo un aumento do 12%.

Outro indicador relevante é a taxa de transición de Grao a Máster, que no curso 2020-21 alcanzou o 23,1% a nivel nacional e o 27,85% en Galicia, situándose por encima da media española. Isto indica que case un de cada catro egresados de Grao en España, e case un de cada tres no Sistema Universitario Galego (SUG), continúa inmediatamente a un Máster.

A evolución do número de egresados de Grao tamén é positiva, pasando de 180.994 a nivel nacional entre 2015-16 e 2022-23 (incremento do 11,5%) e de 7.609 a 7.856 en Galicia (incremento do 3,2%). Estes datos permiten prever que a titulación proposta en Viticultura e Enoloxía poderá contar cunha matrícula inicial estable e cun crecemento progresivo, adaptándose á demanda de formación especializada e ás necesidades do mercado laboral.

4 Non duplicidade

4.1 Mención de ensinanzas afíns preexistentes nesta universidade.

Actualmente, a Universidade de Vigo non ofrece ningunha titulación de Grao, Máster ou Doutoramento directamente relacionada co sector vitivinícola. Con todo, existen ensinanzas afíns que poden considerarse complementarias ao Máster en Viticultura e Enoloxía proposto:

Área directamente relacionada:

- Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (Campus de Ourense)
- Grao en Enxeñaría Agraria (Campus de Ourense)

Ensinanzas de Máster afíns:

- Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental (Campus de Ourense)

Ensinanzas indirectamente relacionadas:

- Grao en ADE (Campus de Ourense e Vigo) e programa de simultaneidade con Dereito
- Grao en Bioloxía
- Máster Universitario en Dirección de PEMES (Campus de Vigo)

O enfoque multidisciplinar e especializado no sector vitivinícola que se propón no novo Máster fai que a coincidencia con estas titulacións sexa mínima, reforzando a

complementariedade, xa que permite aos egresados de ADE, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e Enxeñaría Agraria especializarse nun sector concreto e aplicar os coñecementos xerais adquiridos durante o Grao.

4.2 Acreditación de non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes (coincidencia máxima do 50% dos créditos).

Despois de realizar unha análise do Sistema Universitario Galego (SUG) permite constatar que non existe ningún título similar ao Máster en Viticultura e Enoloxía que se propón na Universidade de Vigo, tanto a nivel de Grao como de Máster, polo tanto o Máster proposto non presenta unha coincidencia superior ao 50 % dos créditos con ningunha outra titulación oficial existente na Universidade de Vigo nin no SUG, nin en termos de obxectivos formativos nin de contidos académicos.

Universidade de Santiago de Compostela:

- Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica, que inclúe unha materia de 3 ECTS relacionada coa viticultura das zonas atlánticas.
- Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, que contén unha materia de 4,5 ECTS sobre Viticultura
- Cursos de iniciación á Viticultura e Enoloxía impartidos no pasado no Campus Terra (Lugo).

Universidade da Coruña:

- Non se detectan títulos de Grao ou Máster que poidan supoñer duplicidade co Máster proposto.

Outras universidades galegas:

- Impártense títulos de Grao das ciencias empresariais e da alimentación que, se ben relacionados, non superan o 50% de coincidencia de créditos ou contidos co Máster proposto.

En consecuencia, o Máster en Viticultura e Enoloxía ofrécese como título único dentro do SUG, cun enfoque multidisciplinar e especializado no sector do viño, co obxectivo de proporcionar unha formación global que non se superpón coa oferta existente.